

CANTAR DOS CACHARREIROS DE BONXE 1



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_IgBa_0043_035_en_0_36_33_id695 _D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_IgBa_0043_035_en_0_36_33_id695.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e transcripción

DATA DA RECOLLA: 07/06/1983

LOCALIZACIÓN:

Parroquia: Bonxe
Concello: Outeiro de Rei
Provincia: Lugo
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Lombao Gómez, Indalecio
Idade no momento da recollida: 63 anos
Lugar e data de nacemento: Bonxe (Outeiro de Rei); 03/05/1920
Profesión: alfareiro e músico

RECOLLEDOR: Álvarez Fernández, César

COMPILADOR: Álvarez Fernández, César

COLECCIÓN: Baldomero Iglesias (Mero)

CONTEXTO:

Na recolla están presentes Indalecio de Bonxe, que toca o saxofón, o seu fillo Elías e tamén a muller de Indalecio, Josefa, e a filla, Pepita. Recóllense coplas, cantos de Reis, desafíos, oracións, adiviñas e contos así como melodías de saxofón. Nesta ocasión, cántase unha copla propia dos alfareiros de Bonxe na que se inclúen varios topónimos locais.

TRANSCRIPCIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:

Isabel Vigo Rodríguez

PALABRAS CHAVE: cacharreiros, alfareiros, olaría, Bonxe, canto, cantiga, copla

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

O monte de San Lourenzo e o curro do Picato,
o monte de San Lourenzo e o curro do Picato,
polos obreiros de Bonxe nunca será olvidado.

Somosche de Bonxe somos de verdá'
facemos cacharros de gran calidá'.

Somosche de Bonxe somos de verdá'
facemos cacharros de gran calidá'.

Desde o curro do Vigo á propiedá' do Lozano,
desde o curro do Vigo á propiedá' do Lozano,
tamén a roza do trigo donde sale o barro blanco.

Somosche de Bonxe somos de verdá'
facemos cacharros de gran calidá'.

Somosche de Bonxe somos de verdá'
facemos cacharros de gran calidá'.

Cargamos as nosas bestas, salimos en caravana,
cargamos as nosas bestas, salimos en caravana,
un domingo a Castroverde e o seguinte a Villalba.

Somosche de Bonxe somos de verdá'
facemos cacharros de gran calidá'.

Somosche de Bonxe somos de verdá'
facemos cacharros de gran calidá'.

- Esto é.
- As coplas de aquí de alfareiros
- (Risa)